



Guía de Acolida TCAEs

UNIDADE DE PEDIATRÍA
Planta 3ª E e F
Hospital Álvaro Cunqueiro





- 1** **Organización do Traballo**
- 2** **Tarefas Quenda de Mañá**
- 3** **Tarefas Quenda de Tarde**
- 4** **Tarefas Quenda de Noite**
- 5** **Actividades Programadas**
- 6** **Seguridade dos Pacientes**
- 7** **Decálogo de Boas Prácticas**



1

Organización do Traballo



Benvida/o á planta 3ª E/F do Hospital Álvaro Cunqueiro. O obxectivo desta guía é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

- O traballo organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o neno/a/familia saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- Recorda que o persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas é persoal e intransferible, mediante usuario e contrasinal. Debes solicitar ao/á Supervisor/a da Unidade, a súa xestión para a activación dos accesos necesarios. En ningún caso debes cedelo a outros profesionais.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.

As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación dos pacientes e a unidade.

2

Quenda de Mañá



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores. Repartir pacientes segundo cores establecidos na carteleira. Imprimir a "planilla".
- Formar equipo para coordinar actividades coas enfermeiras.
- Confirmar preparación dos pacientes que van a quirófano ou realización de probas especiais (TC, RNM, RX Intervencionista) a primeira hora.
- Tomar temperatura a todos os pacientes rexistrando os datos na aplicación.
- Pesas e tallas aos pacientes e realizar o IMC. Rexístralo na aplicación.
- Repartir a roupa de cama e/ou berce, momento que se aproveitará para aclarar dúbidas familiares e realizar unha primeira valoración.
- Os luns, mércores e venres pesas a todos os lactantes antes da primeira toma e en escolares realizarase os mércores. Pesas diariamente a aqueles pacientes que o teñan establecido (lactantes con fallo de medro, trastornos de alimentación, nenos oncolóxicos...). Rexistro de dobres pesadas cando sexa necesario.

2

Quenda de Mañá II



- Ás 9h repartir biberóns e almozos tras verificar "planillas" (comprobar xaxúns). Administrar alimentación por SNG ou botón gástrico tras verificar dieta coa enfermeira. Acompañar durante as comidas a aqueles nenos nos que sexa necesario por orde facultativa.
- Facer berces e camas evitando dobras (con entremetida), momento no que se comprobará a correcta montaxe e funcionamento das tomas de O2, aspiración e dispensador de solución hidroalcohólica.
- Repartir enseres necesarios para as familias (cueiros, empapadores, babeiros, pixamas, toallas...). Manter a orde do cuarto para favorecer o confort do neno/a.
- Colaborar no aseo dos lactantes e nenos cando así o requira a familia ou o estado do paciente. Colaborar na mobilización dos nenos.
- Colaborar coa enfermeira nas técnicas que así o requiran (canalización e revisión de VP, VC e reservorios, extracción de analíticas, sondaxes, PL, curas...).
- Realizar recollida de mostras de ouriños (sedimento, urocultivo, ouriños de 24h) e feces (coprocultivo, virus, parasitos), deixando constancia escrita da recollida no libro de rexistro. Administrar enemas, micralax... cando estean prescritos.

2

Quenda de Mañá III



- Pase conxunto de visita do equipo asistencial (pediatra, enfermeira e TCAE), cando o labor asistencial o permita.
- Realizar as tarefas asignadas por número segundo repartición de pacientes.
 1. Recollida e colocación da lencería.
 2. Colocación da farmacia e o almacén.
 3. Reposición: cuarto de medicación, sala de procedementos e carros.
 4. Realización de férulas.
- Repartir suplementos diabéticos.
- Ás 12-13h e cando a familia o requira, repartir os biberóns e comidas tras comprobar os cambios que se producisen na alimentación.
- Participar na acollida aos ingresos urxentes ou programados xunto coa enfermeira:
 - Peso, talle, PC (lactantes), TA (pre-escolares), EVA, rexistro das contantes na aplicación.
 - Entrevista coa familia sobre a alimentación do paciente e comunicación ao servizo de biberonería no seu caso.
 - Entrega de enseres e documentación sobre o funcionamento da unidade á familia.
 - Colaborar coa enfermeira nas técnicas necesarias.
 - Acompañar ao paciente ao cuarto.

2

Quenda de Mañá IV



- Recoller os cuartos tras a alta e limpar aparatos (paus de goteiro, bombas, GNAF, pulsioxímetros...). Comunicar ao servizo de limpeza e realizar berces/camas cando sexa posible. Deixar por escrito os cuartos pendentes para o cambio de quenda.
- Control e rexistro de miccións, deposicións, inxestións e vómitos. Aproveitar para aclarar dúbidas. Deixar as bombas de N. Enteral a cero.
- Realizar limpeza, etiquetado, identificación e empaquetado do material de esterilización deixándoo na súa caixa para transporte coa folla de esterilización correctamente cuberta.
- Pesar e medir a todos os lactantes que sexan dados de alta. Realizar o IMC.
- En ausencia dos familiares por xestións hospitalarias, vixiar e acompañar ao menor.
- Limpar e repoñer cuarto de medicación (incluída limpeza de bateas), manter recollida e repostada a sala de exploración (recoller bolsa de roupa sucia) e cuarto sucio.
- Revisar reposición de biberonería para a quenda seguinte e deixar escrito se os pacientes toman algún tipo de suplemento (Ensure, Resource, Meritene...).
- Escribir e dar cambio de quenda.

3

Quenda de Tarde



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores. Repartir pacientes segundo cores establecidos na carteleira. Imprimir a "planilla".
- Formar equipo para coordinar actividades coas enfermeiras.
- Realizar rolda e axudar aos pais coas dúbidas ou necesidades que poidan ter, repoñer os enseres que poidan necesitar as familias
- Tomar temperatura a todos os pacientes rexistrando os datos na aplicación. Recoller mostras de feces / ouriños que quedasen pendentes, rexistrar no libro
- Realizar as camas e berces pendentes de limpeza.
- Repartir biberóns, merendas e suplementos diabéticos (se é necesario) revisando planilla. Axudar aos pais cando así o requiran coa lactación e inxestións.
- Acompañar durante a merenda e a cea a aqueles nenos que por prescrición facultativa así o requiran.

3

Quenda de Tarde II



- Participar na acollida aos ingresos urxentes ou programados xunto coa enfermeira:
 - Peso, talle, PC (lactantes), IMC, EVA, rexistro das contantes na aplicación.
 - Entrevista coa familia sobre a alimentación do paciente e comunicación ao servizo de biberonería no seu caso.
 - Entrega de enseres e documentación sobre o funcionamento da unidade á familia.
 - Colaborar coa enfermeira nas técnicas necesarias.
 - Acompañar ao paciente ao cuarto.
- Avisar ao servizo de biberonería dos ingresos ou cambios que poidan xurdir nas dietas (cuarto, nome, NHC, tipo, cantidade e tomas).
- Realizar a limpeza, ordenación e reposición da sala de procedementos e o cuarto sucio.
- Realizar a limpeza e ordenación da aparataxe que se retire: GNAF, paus de soro, bombas...
- Realizar las tareas asignadas por número según reparto de pacientes:
 - Reposición: cuarto de medicación, sala de procedimientos y carros.
 - Realización de férulas.

3

Quenda de Tarde III



- Colocar o letreiro de xaxún aos nenos que así o precisen, previa verificación coa enfermeira.
- Ronda para anotar as deposicións, vómitos, inxestións e miccións.
- En preescolares realizar as anotacións de inxestión, diuresis, balances en oncoloxía na aplicación. Deixar as bombas de nutrición enteral a cero.
- Repasar reposición de biberonería para a quenda seguinte e deixar escrito se os pacientes toman algún tipo de suplemento (Ensure, Resource, Meritene...)
- Escribir e dar o cambio.

4

Quenda de Noite



- Recibir o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Comprobar a planilla de dietas e verificar os xaxúns coa enfermeira
- Realizar rolda a primeira hora para comprobar estado dos nenos, momento que se aproveitará para aclarar dúbidas das familias e realizar reposición de enseres se é necesario. Facilitar o confort e descanso dos nenos, diminuindo luces e sons.
- Tomar temperatura aos nenos con febre ou aos que sexa necesario.
- Ao longo da noite repartiranse os biberóns prescritos e os que xurdan a demanda.
- Realizar cambios de roupa en berces e camas se así fose necesario.
- Atender timbres e demandas que poidan xurdir.
- Participar na acollida aos ingresos urxentes xunto coa enfermeira:
 - Peso, talle, PC (lactantes), rexistro das contantes na aplicación.
 - Entrevista coa familia sobre a alimentación do paciente e comunicación ao servizo de biberonería no seu caso.
 - Entrega de enseres e documentación sobre o funcionamento da unidade á familia.
 - Colaborar coa enfermeira nas técnicas necesarias.
 - Acompañar ao paciente ao cuarto.

4

Quenda de Noite II



- Colaborar coa enfermeira nas técnicas que así o requiran (canalización e revisión de VP, VC e reservorios, extracción de analíticas, sondaxes, PL, curas...)
- Recollida de ouriños de 24 horas.
- Rexistrar balances, inxestións e diureses de nenos oncolóxicos.
- Deixar bombas de nutrición enteral a cero.
- Manter limpeza, orde, e reposición na sala de procedementos, de medicación e cuarto sucio.
- Ás 7h preparar os nenos que a primeira hora teñan quirófano ou outras probas.
- Escribir cambio de quenda.

5 Actividades Programadas



- Carro de RCP: revisar na quenda de noite todos os sábados e cada vez que se utilice.

6 Seguridade do Paciente



- Comproba a correcta identificación do paciente e a colocación da pulseira identificadora.
- Realiza a Hixiene de mans nos 5 momentos.
- Verifica os 5 correctos na administración da medicación.
- Preserva a integridade cutánea do paciente.
- Evita as caídas aplicando as medidas preventivas necesarias.
- Rexistra sempre os coidados realizados.

7

Decálogo de Boas Prácticas

01

PRESENTATE

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

04

PRACTICA A EMPATÍA

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

07

FAI EQUIPO

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

10

COIDA CON SEGURIDADE

02

COIDA O TEU ASPECTO

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

05

FOMENTA O DESCANSO

Planifica o tratamento e coidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

08

RESPECTA A INTIMIDADE

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

03

INFORMA E ESCOITA

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

06

COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

09

GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H^a clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e coidados e mantén actualizados os teus coñecementos.